

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PEPE XAN BAÑA  
CURSO: 3º  
MATERIA: LINGUA CASTELÁ  
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.
B1.9. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	LCB 1.9.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.	LCB2.2.1. Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.
B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.	LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información.
B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCB3.1.4. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.
B3.5. Usar unha linguaxe respectuosa coa diversidade, evitando expresións discriminatorias e prexuízos.	LCB3.5.1. Exprésase, por escrito, evitando unha linguaxe non sexista e non respectuosa coas diferenzas.
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.3.2. Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita. LCB4.3.3. Aplica, con axuda, as normas de acentuación (sílabas tónicas) nas súas producións escritas. LCB4.3. 4. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.
B5.4. Reproducir a partir de modelos dados textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	LCB5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.
B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, instrucións... LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos e descritivos) seguindo un guión establecido.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b> a avaliación será <b>continua</b>.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Seguimento continuo e individualizado do alumnado mediante as videoconferencias (empregando o programa Skype)</li> <li>- Realización de exercicios, traballos e tarefas que impliquen o desenvolvemento competencial e das destrezas lingüísticas</li> <li>- Non se terá en conta na calificación o dominio daqueles contidos NON abordados na aula. Estes empregaranse coma ampliación, valorando a implicación do alumnado na súa aprendizaxe e adquisición dos obxectivos e competencias.</li> </ul>
	<p><b>Instrumentos:</b></p> <p><u>Plan semanal:</u> envío de actividades de forma semanal realizando un seguimento individual.</p> <p><u>Lista de control:</u> sesión semanal por Skype que permite corrixir e comprobar a realización das tarefas pautadas semanalmente.</p> <p><u>Traballo individual:</u> fichas con contidos de repaso e reforzo, elaboración de traballos escritos.</p> <p><u>Entrevistas</u> persoais, valorando o desenvolvemento oral.</p> <p><u>Caderno de lecturas:</u> recollendo o resumo de lecturas persoais.</p> <p><u>Portafolio individual:</u> no que gardar as fichas e traballos persoais (contos, poemas...)</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A avaliación <b>final do trimestre</b> suporá a adquisición dos estándares adaptados a este trimestre. Así como a <u>participación, esforzo e implicación na materia</u>.</p> <p>A avaliación <b>final de curso</b> consistirá na media aritmética das calificacións obtidas no primeiro e segundo trimestres. A repetición de curso enténdense coma unha medida de carácter excepcional.</p> <p>A nota do terceiro trimestre só afectará á calificación final se beneficia ao alumno/a.</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Ningún dos alumnos e alumnas de terceiro de primaria do CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña tivo unha calificación negativa na área nos anteriores trimestres. Polo tanto, non hai alumnado con materia pendente.</p> <p>O alumnado recibe unha atención individualizada con gran apoio por parte da familia. Aquel alumnado que presenta dificultades para seguir o ritmo na materia recibirá tarefas acorde ás súas necesidades; para a súa calificación, terase en especial consideración a <b>constancia e esforzo na materia</b>, mostrando hábitos de estudo e traballo.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<p><b>Repaso e reforzo</b>, mediante fichas de elaboración persoal e achegadas polas editoriais, así coma actividades recollidas no libro de texto, aquelas que permiten o desenvolvemento competencial e o traballo individual.</p> <p>Realizaranse actividades de <b>ampliación</b>, permitindo ao alumnado continuar coa súa aprendizaxe, promovendo a motivación por aprender. Actividades recollidas no libro de matemáticas (Editorial SM) que irán resolvendo no caderno persoal.</p>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>Todo o alumnado de terceiro conta con conectividade: 10 alumnos/as contan con wifi na casa e 1 alumna emprega datos móbiles.</p> <p><b>Videochamadas individuais</b> ou por parellas: unha vez á semana, unha hora con cada alumno/a (dúas horas, no caso de traballar en parellas) :</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Con wifi: empregamos o programa Skype para as videochamadas individuais ou grupais</li> <li>- Con datos móbiles: realizo unha chamada persoal á alumna, co meu teléfono móbil.</li> </ul> <p>Nesta sesión semanal repasamos as diferentes materias, aclaro as dúbidas do alumno/a, correximos as tarefas e atendo o seu desenvolvemento emocional, véndose especialmente afectados polo estado de confinamento.</p> <p><b>Tarefas semanais:</b> ao comezo da semana, colgo na Web do centro (no apartado reservado a 3º de EP) a secuenciación das actividades e tarefas a desenvolver na materia, facéndoo chegar ás familias.</p> <p><b>Recepción de traballos e corrección:</b> ademais das sesión semanal, o alumnado envía ao correo electrónico as actividades globalizados e interdisciplinares que implican a busca de información en varias materias.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Con wifi: as familias contan con correo electrónico e envían as tarefas.</li> <li>- Con datos móbiles: a familia envía unha fotografía mediante a aplicación Whatsapp.</li> </ul> <p><b>Comunicación:</b> ademais do Skype, contamos con Abalar Móbil como canle de contacto e unha conta de correo electrónico.</p> <p>Co resto do claustro, a comunicación é telefónica, sendo a directora e xefa de estudos a que actúa coma enlace entre o profesorado.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Libros de texto. Coa colaboración de protección civil e a ANPA, o alumnado de terceiro conta na casa co libro de cada materia.</li> <li>- Cadernos individuais onde resolve o alumnado os exercicios. Así coma material persoal: lapis, goma, folios...</li> <li>- Fichas de elaboración persoal, enviadas mediante a web do centro. Non requiren ser impresas, pero aquel alumnado que non conta con impresora na casa, recibe o material mediante o Concello.</li> <li>- Proposta semanal de actividades que recollo nun documento, secuenciando os exercicios na área de lingua castelá e literatura.</li> <li>- Ordenador persoal: co que manteño a comunicación co alumnado e no que elaboro os materiais que fago chegar ás familias.</li> <li>- As familias contan con ordenador, tableta e/ou teléfono móbil</li> <li>- Wifi e/ou conexión de datos móbiles.</li> </ul>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>O alumnado e as familias son informadas de <b>forma individual</b> nunha sesión semanal mediante conexión por Skype ou chamada telefónica. A ferramenta <b>Abalar Móbil</b>, así coma o correo electrónico, permite que as familias poidan formular preguntas e suxestións.</p> <p>Empregouse a ferramenta Abalar Móbil para informar ás familias dos resultados da calificación do segundo trimestre.</p> <p>O alumnado e as familias son informadas colectivamente mediante os avisos publicados na páxina <b>Web do centro</b>.</p>
<b>Publicidade</b>	Web do centro.